

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN

PREGUNTAS	CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
<p>PREGUNTA 1 (2 puntos)</p>	<p>Identificar e xustificar o tema central do texto: <i>Orixe, descrición e evolución das dunas.</i></p> <p>Valorarase positivamente o emprego de citas textuais que sirvan para argumentar a identificación do tema central.</p>	<p>0,75</p>
	<p>Sinalar as ideas principais do texto: <i>As dunas son amoreamentos de area xunto á beiramar formados hai 4.500 anos; Inicialmente foron de procedencia continental, de terra a dentro arrastrada ata o mar polos ríos, pero máis tarde xurdiron tamén do arrastre de leitos mariños empurrados ata a costa polo ascenso do mar co desxeo das glaciacións; Hai exemplos disto nos areais galegos da Lanzada, Corrubedo, O Trece ou a desembocadura do Anllóns, nalgúns casos con mantos de areas rubideiras; A distancia dos cordóns de dunas respecto do mar sinala a súa antigüidade: máis preto do mar, máis recentes, máis arredadas, máis antigas; As dunas están en movemento e van desprazándose na dirección do vento.</i></p> <p>Valorarase positivamente o emprego de citas textuais que sirvan para argumentar a identificación das ideas principais.</p>	<p>0,75</p>
	<p>Propoñer un posible título para o texto. O título proposto non pode coincidir co do propio artigo. Valorarase positivamente a concisión e precisión do título proposto, que debe condensar o tema central do texto.</p>	<p>0,5</p>
<p>PREGUNTA 2 (1 puntos)</p>	<p>Explicar o significado das seguintes palabras e locucións:</p> <p><i>Glaciais:</i> Relativas ou pertencentes a unha glaciación; isto é, un período durante o cal grandes zonas da superficie terrestre estiveron cubertas polo xeo ou por glaciares. Sinónimos: xeadas, xélidas.</p> <p><i>Abeirando.</i> Poñéndose á beira, indo cara á beira. Sinónimos: bordeando, flanqueando, beirando.</p> <p><i>Crista.</i> Parte saínte dalgunhas cousas, como as arestas que forman os cumes dos montes e das ondas. Sinónimos: cima, cúspide, bico.</p> <p><i>A carón.</i> A pouca distancia. Sinónimos: Á beira, ao pé, ao lado.</p>	<p>1</p>

	<p><i>Sotavento</i>. Lado oposto a aquel do que sopra o vento. Sinónimos: contra o vento.</p> <p>Abondará con que se perciba que se entende a palabra ou locución e que se é capaz de aproximarse ao seu significado no texto, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta. Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se mencionan. Cada palabra ou expresión correctamente definida valorarase con 0,2 puntos.</p>	
<p>PREGUNTA 3 (1 puntos)</p>	<p>Indicar a palabra simple da que derivan os seguintes termos:</p> <p><i>Amoreamento</i>: morea.</p> <p><i>Mariña</i>: mar.</p> <p><i>Dunares</i>: duna.</p> <p><i>Recubrimentos</i>: cubrir.</p> <p><i>Conformaría</i>: formar.</p> <p>Cada termo do que se indique correctamente a palabra simple de procedencia valorarase con 0,2 puntos.</p>	<p>1</p>
<p>PREGUNTA 4 (2 puntos)</p>	<p>Conxugar no presente de indicativo e no presente de subxuntivo o verbo <i>subir</i>.</p> <p>Sinalar outros dous verbos da terceira conxugación que se conxuguen coa mesma alternancia vocálica na raíz entre /u/ (na primeira persoa do singular e na primeira e segunda persoas do plural) e mais /ɔ/ (na segunda e terceira persoas do singular e mais na terceira do plural).</p> <p>Cada tempo verbal do verbo <i>subir</i> correctamente conxugado en todas as persoas valorarase con 0,5 puntos. Pódense atribuír puntuacións parciais se algunhas formas das conxugacións de cada tempo verbal fosen correctas e outras non.</p> <p>Cada un dos dous verbos que se indique da terceira conxugación que siga o modelo de flexión de <i>subir</i> na alternancia vocálica da raíz valorarase con 0,5 puntos.</p>	<p>2</p>
<p>PREGUNTA 5 (4 puntos)</p>	<p>Redactar un comentario crítico sobre o tema do texto (<i>Orixo, descrición e evolución das dunas</i>) no que se empreguen argumentos propios a favor ou en contra da opinión nel expresada. No comentario deben evitarse as paráfrases, resumos ou a repetición do contido do artigo. Valorarase positivamente que as opinións propias sexan pertinentes e dialoguen co artigo de partida para o contraste, ampliación ou implementación dos argumentos neste sustentados.</p> <p>Na avaliación deste comentario valorarase a correcta construción do texto (organización da información), a</p>	<p>4</p>

	adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación) e o cumprimento da extensión indicada (arredor de 200 palabras).	
--	--	--